

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023



A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL



EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

MARTA PUEBLA VILARIÑO

XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL
DO SEPE DA CORUÑA

11.1. A REGULACIÓN DE EMPREGO

- CADRO 11.1. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCIÓN DE XORNADA E POR CAUSA ALEGADA. ESPAÑA. 2022-2023
- CADRO 11.2. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE E REDUCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2023
- CADRO 11.3. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2023
- CADRO 11.4. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023
- CADRO 11.5. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESPAÑA. 2022/2023
- CADRO 11.6. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2023
- CADRO 11.7. TAXA DE COBERTURA DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO. GALICIA. 2023. EN PORCENTAXE

11.2. FOGASA

- CADRO 11.8. PERSOAS AFECTADAS POR RESOLUCIÓNS DO FOGASA. GALICIA. 2023
- CADRO 11.9. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO. POR PROVINCIA. ESPAÑA/GALICIA. 2023
- CADRO 11.10. IMPORTE DOS INDEMNIZACIONES. ESPAÑA/GALICIA. 2023
- CADRO 11.11. IMPORTE DOS SALARIOS SEGÚN O MOTIVO. ESPAÑA/GALICIA. 2023
- CADRO 11.12. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS POR MOTIVO DA SOLICITUDE. POR PROVINCIAS. 2023

CAPÍTULO 11: A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

11.1. A REGULACIÓN DE EMPREGO

Neste apartado analizaranse os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas cos datos facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social.

O Estatuto dos traballadores nos seus artigos 47 e 51 regula os despedimentos colectivos, suspensións do contrato ou reducións de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivados de forza maior.

No caso dos procedementos de extinción colectiva de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción por decisión da empresa, unha vez finalizado o período de consultas, con acordo ou sen el, a empresa poderá notificar os despedimentos de maneira individual ás persoas afectadas.

Aínda que non é necesaria autorización administrativa previa, si é necesaria a comunicación á autoridade laboral e o período de consultas.

Enténdese por redución de xornada a diminución temporal de entre un 10% e un 70% da xornada computada sobre a base dunha xornada diaria, con independencia do número de persoas traballadoras da empresa e do número de persoas afectadas, sempre que sexa por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Igualmente o contrato de traballo poderá extinguirse, suspenderse ou reducir a súa xornada por causas de forza maior.

A existencia de forza maior que motive a extinción, suspensión ou redución de xornada, debe ser constatada pola autoridade laboral calquera que sexa o número de persoas afectadas.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se alcanza un acordo entre empresa e representantes legais. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Tamén e de destacar o Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se reforma o Estatuto dos traballadores no seu art. 47 dos expedientes de regulación do emprego de causas económicas, técnicas, organizativas e de produción e os expedientes de forza maior.

Este mecanismo quedou regulado no apartado sete do artigo 3º do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro. Co acordo do Consello de Ministros do 29 de marzo 2022 declárase a activación do mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do emprego de conformidade co artigo 47 bis do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, para o sector das axencias de viaxes. Finalizado aquel, non está ningún en vigor en 2023.

No ano 2023 a nivel estatal víronse afectadas por procedementos de regulación de emprego 181.139 persoas, dos que o 7% eran de forza maior e o 93% por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sendo esta última a que concentra o maior número de persoas cun 50,8%.

O máis destacado é a redución de persoas afectadas en 113.563 menos que en 2022, tras a gran subida dos anos 2020 e 2021, en 2022 iníciase o descenso.

O descenso dáse tanto en expedientes de suspensión/redución de xornada coma en despidos colectivos.

CADRO 11.1. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCIÓN DE XORNADA E POR CAUSA ALEGADA. ESPAÑA. 2022-2023

	Valores absolutos		Variación sobre ano anterior
	2022	2023	
	294.702	181.139	-113.563
Persoas traballadoras			
Despedimentos colectivos	24.215	36.505	12.290
Suspensión/redución	270.487	144.634	-125.853
Causas			
Forza maior	13.603	12.941	-662
Outras*	281.099	92.024	-189.075
Con acordo	200.246	137.544	-62.702
Sen acordo	26.787	17.490	-9.297
Non consta	67.669	26.105	-41.564

(*) No ano 2023 o maior número de "outras causas" acadaron nas causas de produción con 92.024 persoas.
Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Facendo unha análise dos tipos de medida, apréciase que son as suspensións de contratos as que teñen maior número de persoas afectadas, seguidas das despedimentos colectivos. Se nos fixamos nas provincias é Pontevedra a que ten máis persoas afectadas, seguida da Coruña, e a que menos ten é Lugo.

CADRO 11.2. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE E REDUCCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2023

	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada	Total acumulado
A Coruña	445	2.209	349	3.003
Lugo	43	159	9	211
Ourense	54	707	47	808
Pontevedra	836	9.828	166	10.830
Galicia	1.378	12.903	571	14.852

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

No **cadro 11.3** podemos ver o total acumulado de xaneiro a decembro en Galicia e comparalo co mesmo período do ano anterior. Destaca a redución en 6.167 persoas. O que supón un 29% menos en termos globais. Se facemos a análise polo tipo de expediente, vemos que a redución dáse tanto nos expedientes de suspensión coma redución de xornada, pero aumentan nos despedimentos colectivos un 58,5%.

CADRO 11.3. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2023

	Valores Absolutos	Variación Ano anterior
Despedimentos colectivos	1.378	509
Suspensión de contratos/reducción de xornada	13.474	-6.676
Total	14.852	-6.167

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Comparando as distintas CC. AA. vese que son Baleares, Cataluña e Castela-A Mancha as que máis redución tiveron. Entre as de menos redución están Asturias e Canarias.

CADRO 11.4. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCCIÓN DE XORNADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

	TOTAL	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada
Total	181.139	36.505	135.718	8.916
Andalucía	15.136	3.731	10.661	744
Aragón	8.180	698	6.880	602
Asturias	12.673	389	12.145	139
Baleares	1.007	299	618	90
Canarias	3.399	1.153	2.136	110
Cantabria	4.740	351	4.268	121
Castela-A Mancha	1.457	349	846	262
Castela e León	8.886	666	7.635	585
Cataluña	37.281	9.463	25.367	2.451
Comunidade Valenciana	29.670	6.584	21.729	1.357
Extremadura	946	302	575	69
Galicia	14.852	1.378	12.903	571
Madrid	15.595	8.748	5.922	925
Murcia	1.541	431	1.008	102
Navarra	14.773	436	14.172	165
País Vasco	10.323	1.319	8.441	563
A Rioxa	629	166	405	58
Ceuta	30	22	7	1
Melilla	21	20		1

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Os expedientes segundo o sector de actividade e a medida adoptada, a nivel estatal quedan reflectidos no **cadro 11.5**, no que se confirma a tendencia á baixa en todos os sectores, excepto o agrario, especialmente no sector servizos, seguido do da industria. O que menor descenso tivo foi o sector da construción.

Analizando o tipo de ERE, a redución prodúcese tanto en suspensión coma redución de xornada nos sectores da industria, construción e servizos. A medida de despedimento colectivo diminúe nos sectores de industria e construción, pero sube no sector agrario e e nos servizos nun 58,2%.

CADRO 11.5. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESPAÑA. 2022/2023

SECTORES	Despedimentos colectivos		Suspensión de contrato		Redución de xornada		Total	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023
Agrario	201	483	1.083	1.325	97	140	1.381	1.948
Industria	6.096	7.455	178.837	109.897	8.499	5.021	193.432	122.373
Construción	1.055	1.893	2.910	1.330	228	98	4.193	3.321
Servizos	16.863	26.674	53.484	23.166	25.349	3.657	95.696	53.497
Total	24.215	36.505	236.314	135.718	34.173	8.916	294.702	181.139

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais.

Unha análise máis detallada das secciones de actividade económica mostra que construción e transporte e almaa cenamento son das seccións máis afectadas polo descenso de persoas e comercio a que máis sube.

En termos absolutos, no 2023 foron as seccións de industrias manufactureiras, actividades administrativas e servizos auxiliares e transporte e almacenamento, as que concentraron máis persoas traballadoras afectadas polos ERE.

CADRO 11.6. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2023

SECCIÓN TOTAL	TOTAL
	14.852
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	441
Industrias extractivas	14
Industria manufactureira	10.911
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	
Construción	249
Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos	
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos a motor	740
Transporte e almacenamento	681
Hostalaría	202
Información e comunicacións	23
Actividades financeiras e de seguros	32
Actividades inmobiliarias	
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121
Actividades administrativas e servizos auxiliares	1.146
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	
Educación	51
Actividades sanitarias e de servizos sociais	50
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	113
Outros servizos	78
Actividades fogares empregadores persoal doméstico, produtores de bens e servizos	
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais.

Cos datos facilitados polo SEPE, en primeiro lugar veremos que a taxa de cobertura a nivel estatal das prestación de desemprego é moi similar todos os meses do ano, cunha media anual do 68,3% de cobertura, superior á do ano 2022.

Se a análise a facemos en Galicia o comportamento e similar ao de España, chegando ao 67,4%, tamén superior a 2022.

Por sexos a taxa de cobertura a nivel estatal foi superior en homes co 75,7% en 2023 (76,7% en 2022) de media, fronte ao 63,3% (63,1% en 2022) das mulleres. En Galicia a taxa de cobertura por sexos foi 73,2% en homes e 63,2% en mulleres.

CADRO 11.7. TAXA DE COBERTURA DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO.
GALICIA. 2023. EN PORCENTAXE

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/decembro España	62,9	68,1	66,6	61,9	64,9	67,2	70,8	71,5	66,1	67,1	71,1	72,2	68,3
Xaneiro/decembro Galicia	68,0	67,1	66,0	64,9	64,1	65,2	68,1	68,8	64,2	66,4	71,2	73,6	67,4

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

11.2. FOGASA

O Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) é un organismo autónomo pertencente ao Ministerio de Traballo e Econoe mía Social creado para garantir os créditos salariais en situacións de insolvencia da empresa.

O Fogasa regúlase polo Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a súa natureza, organización e funcionamento.

Están protexidas polo Fogasa as persoas traballadoras contratadas laboralmente, con independencia do tipo de empresa e contrato ou da relación laboral especial. Está incluído o persoal de alta dirección e as persoas suxeitas a prestación de servizos de carácter transnacional. Tamén están amparadas as persoas socias traballadoras de sociedades laborais que contén cun número de socias e socios superior a 25.

Están fóra do seu ámbito de protección as persoas ao servizo do fogar e as que ostenten cargos de conselleiros/as e administradores/as de sociedades mercantís capitalistas que non posúan o control efectivo, cando desenvolvan funcións de dirección e xerencia e sexan retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras. Tampouco están no seu ámbito de cobertura as persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado ou explotación comunitaria da terra.

As prestacións económicas satisfeitas polo Fogasa teñen como finalidade:

- Garantir ás persoas traballadoras por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia de desequilibrios patrimoniais das empresas nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva, extinción do contrato por vontade da persoa traballadora mediando causa xusta, así como extinción de contratos temporais nos casos que legalmente proceda.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Pagar directamente as seguintes indemnizacións, sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso:
 - Empresas de menos de 25 persoas traballadoras, o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva.
 - Expedientes de regulación de emprego por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pago parcial ou total da indemnización.

Tanto no conxunto do Estado coma en Galicia diminuíron, con respecto ao ano 2022, o número de expedientes e de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa. A única leve subida foi no colectivo de homes con 24 homes máis en Galicia.

Esta diminución tamén se aprecia nas empresas afectadas en Galicia e en España, en Galicia 244 empresas menos e en España a diminución e de 3.810 empresas menos.

En Galicia a redución do número de persoas beneficiarias de prestacións do Fogasa foi en 2023 do 8%, con respecto a 2022.


A nivel estatal a redución alcanzou o 19,6% no 2023.

Comparando as provincias galegas, só se dá un incremento en Lugo con 74 persoas máis que en 2022 e en Pontevedra con 123 persoas máis. A Coruña descende en 360 persoas e Ourense en 171.

CADRO 11.8. PERSOAS AFECTADAS POR RESOLUCIÓNS DO FOGASA.
GALICIA. 2023

	Expedientes	Entidades	Persoas beneficiarias			
			Persoas beneficiarias ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres	Non constan
Galicia	3.327,0	1.044,0	3.642,0	2.120,0	1.493,0	29,0
A Coruña	1.489,0	507,0	1.623,0	1.047,0	569,0	7,0
Lugo	436,0	117,0	516,0	275,0	238,0	3,0
Ourense	137,0	83,0	142,0	77,0	52,0	13,0
Pontevedra	1.265,0	337,0	1.361,0	721,0	634,0	6,0

⁽¹⁾ a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2023.



Como consecuencia da redución das persoas beneficiarias e empresas afectadas, hai tamén unha redución dos importes dos salarios acordados en España así coma en Galicia.

No conxunto do Estado a diminución foi:

2023: mulleres 19,3% e homes 23,9%

Mentres que en Galicia a redución foi:

2023: Mulleres 24% de descenso e homes 23,6%.

Tomando como referencia as catro provincias galegas, obsérvase o descenso na Coruña, Ourense e Pontevedra e aumenta en Lugo un 8%.

CADRO 11.9. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO.
POR PROVINCIA. ESPAÑA/GALICIA. 2023

	Ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres
España	155.548.424,74	100.494.732,20	50.495.594,23
Galicia	851.113.708,00	5.658.116,61	2.853.020,47
A Coruña	4.458.380,72	3.017.925,54	1.433.225,93
Lugo	1.298.758,57	783.036,80	507.047,22
Ourense	348.724,92	218.038,63	103.169,03
Pontevedra	2.455.608,70	1.639.115,64	809.578,29

⁽¹⁾ a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2023.

Seguindo a tendencia da redución do número de persoas beneficiarias e empresas en 2023, tamén se reducen os importes das indemnizacións acordadas a nivel estatal, mentres que en Galicia aumentan.

En España estas reducións foron:

2023: mulleres 10% e homes 9,6%

En Galicia o aumento foi tanto no colectivo feminino, coma no masculino:

2023: mulleres 13,5% e homes 92%

A nivel provincial e sen desagregar por sexo, o único descenso experimentouse en Ourense e o maior aumento en Lugo.

CADRO 11.10. IMPORTE DOS INDEMNIZACIONES.
ESPAÑA/GALICIA. 2023

	Ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres	Non consta
España	300.028.195,70	181.078.131,53	111.564.985,45	7.385.078,72
Galicia	25.462.581,78	16.298.173,88	9.164.407,90	
A Coruña	14.184.661,12	10.416.555,42	3.747.471,24	
Lugo	2.651.197,53	1.233.439,15	1.414.271,38	
Ourense	567.051,72	356.005,19	183.455,11	
Pontevedra	8.129.812,83	4.292.174,12	3.819.210,17	

⁽¹⁾ a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2023.

Nos **cadros 11.11** e **11.12** pódese apreciar, desagregados por tipoloxía de salarios e indemnizacións, execucións laborais ou procedementos concursais, os importes acordados.

CADRO 11.11. IMPORTE DOS SALARIOS SEGÚN O MOTIVO.
ESPAÑA/GALICIA. 2023

	Total	Execución	Procedimentos
España	155.548.424,74	104.933.255,99	50.615.168,75
Galicia	8.561.472,00	4.095.594,22	2.818.394,29
A Coruña	4.458.379,81	2.562.657,81	1.895.722,00
Lugo	1.298.758,57	629.079,93	669.678,64
Ourense	348.724,92	327.915,97	20.808,95
Pontevedra	2.455.608,70	1.532.936,41	922.672,29

Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2023.

CADRO 11.12. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS POR MOTIVO DA SOLICITUDE.
POR PROVINCIAS. 2023

	INDEMNIZACIONES			
	Total	Por impago empresa		Responsabilidade Fogasa
		Execución	Procedimentos	
España	300.028.195,70	157.462.134,21	142.476.223,91	89.837,58
Galicia	25.532.723,20	8.046.509,47	17.486.213,73	0,00
A Coruña	14.184.661,12	3.740.532,91	10.444.128,21	0,00
Lugo	2.651.197,53	1.431.054,30	1.220.143,23	0,00
Ourense	567.051,72	517.363,96	49.687,76	0,00
Pontevedra	8.129.812,83	2.357.558,30	5.772.254,53	0,00

Elaboración propia.

CGRL.GAL/ES